IESCHA
http://estudoschairegos.wix.com/iescha
estudoschairegos@gmail.com

Casa da Cultura - Praza de Suso Gayoso, 1 - 27800 **VILALBA** (LUGO)

NOTA INFORMATIVA DO IESCHA

REPRESENTACIÓN TEATRAL DENTRO DO CICLO "SERÁNS TEATRAIS" DA ÁREA DE CULTURA DA DEPUTACIÓN DE LUGO

POETA EN NOVA YORK

Grupo TEATRO BAIXA DA AREA

XOVES, 26 DE AGOSTO DE 2021 – 22:30 HORAS

NO PATIO DO CEIP MANUEL MATO VIZOSO

(ENTRADA POLA PISTA DE BALONCESTO)

O Instituto de Estudos Chairegos "Pena do Encanto" (Iescha), en colaboración co Concello de Vilalba, e dentro do ciclo "***Seráns Teatrais***" convocado pola *Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística da Deputación de Lugo*, organiza a representación da adaptación da obra de Federico García Lorca POETA EN NOVA YORK, a cargo do grupo ***TEATRO BAIXO DA AREA***, de Lugo. Terá lugar o vindeiro xoves 26 de agosto de 2021, ás 22:30 horas, no patio exterior do ***CEIP MANUEL MATO VIZOSO*** de Vilalba, realizándose a entrada exclusivamente pola porta da pista de baloncesto.

A entrada é gratuíta, pero o aforo estará limitado a 90 persoas por orde de inscrición, que terá que ser realizada enviando un correo electrónico a produtora.palomalugilde@gmail.com co nome, apelidos e número de teléfono das persoas que desexen asistir, recibindo confirmación polo mesmo medio.

A obra está recomendada a partir de 16 anos.

Se o tempo non acompañase, a representación levaríase a cabo no pavillón do mesmo colexio.

Comentario

Teatro Baixo da Area presenta unha adaptación teatral de Poeta en Nova York de Federico García Lorca, unha obra permanentemente moderna e de irremediable actualidade, nunha proposta escénica contemporánea, abordando as temáticas e os conceptos presentes no poemario dende a experimentación e a honestidade. Viaxaremos con Lorca por un Nova York nada lonxano aos temas actuais da nosa sociedade, vinculándoos coa nosa realidade actual e recollendo a súa labor de denuncia dende o noso compromiso social. (...)

O espacio escénico desenvólvese en 360 graos co público no escenario.

Nota.- Terase en conta a normativa sanitaria derivada da situación de pandemia que en cada momento se estableza.

Vilalba, 21 de agosto de 2021. Arturo Gómez, secretario do IESCHA